

## *Ignacio Ares de Parga e a educación democrática. Un mensaxeiro de tempos novos entre Arxentina e Galicia.\**

XOSÉ M. MALHEIRO GUTIÉRREZ

Co presente traballo tratamos de aproximarnos á figura de Ignacio Ares de Parga, un intelectual republicano de formación institucionista que emigrou a Bos Aires a finais do século XIX, desde onde desempeñou un destacado papel entre a comunidade emigrante. Entre moitas das súas facetas, esbozadas neste traballo, sobrancea no eido pedagóxico a que desenvolveu xunto á Unión Hispano-Americana Valle Miñor, imprimindo unha decisiva orientación á “Escuela Americana” de Nigrán.

Ignacio Ares de Parga, fillo de Manuel Ares de Parga e de Melchora Conde, naceu en Ourense no seo dunha distinguida familia o 31 de xullo de 1865. Alí vive ata rematar os seus estudos de bacharelato e maxisterio na Escola Normal, trasladándose despois a Madrid para ampliar estudos na Institución Libre de Enseñanza, o que lle posibilitou mesmo un contacto próximo con Giner de los Ríos<sup>1</sup>.

Cara a 1885 chega a Bos Aires para ser contratado, xunto con outros españois exiliados, como profesor de matemáticas na Academia Británica<sup>2</sup>, desde onde iniciou unha intensa carreira docente e outra non menos interesante traxectoria como animador de proxectos asociativos ligados ao republicanismo, ao redencionismo agrario e ao rexionalismo, ademais de continuar a tarefa difusora do institucionismo<sup>3</sup>. Nun plano máis privado, tal e como indican outras fontes, exerceu como perito mercantil<sup>4</sup> e foi un dos fundadores do Banco de Galicia<sup>5</sup>.

### O MOVEMENTO REPUBLICANO ESPAÑOL NO EXILIO

En Bos Aires intégrase nun núcleo de intelectuais forzados a emigrar nas décadas finais do século XIX polo seu compromiso co republicanismo español. Este grupo de emigrantes, entre os que figuraba Ares de Parga, estaba formado por unha mestura de profesionais liberais -médicos, avogados, xornalistas, profesores coma el mesmo- e de propietarios e comerciantes. Entre os dirixentes dominaban os primeiros, e os segundos entre os meros afiliados. Na cúpula atopábanse, por exemplo, Rafael Fernández Calzada, que emigrou en setembro de 1874, Antonio Atien-

\* Debo expresar o meu agradecemento ao profesor Antón Costa por achegarme a información necesaria e a súa oportuna e xenerosa orientación á hora de elaborar este traballo.

za y Medrano, que o fai en 1889, Carlos Malagarriga, Enrique Vera y González, o xornalista Justo López de Gomara e moitos outros<sup>6</sup>.

Ares de Parga compartía con eles unha visión progresista da realidade semellante ao mundo mental da esquerda peninsular, coas súas contradicións entre un progresismo ilustrado básico, que facía do modelo republicano a expresión suprema da racionalidade na organización das relacións sociais, e un redentorismo populista heroico herdado do 48 romántico<sup>7</sup>. O seu concepto de sociedade fundamentábase na vontade popular mediante un modelo republicano: o pobo dotado dun sentido cívico superior, partícipe comprometido na toma de decisións no ámbito nacional, creador de cidadanía, frontalmente oposto ao modelo monárquico, opresor dos seus súbditos, que representaba a imaxe máis reaccionaria dos sistemas de goberno.

#### A LIGA REPUBLICANA ESPAÑOLA


A actividade política desta elite intelectual centrou a súa atención no apoio moral e económico aos seus correligionarios na Península. Comezando por constituír a Asociación Patriótica Española<sup>8</sup> na que, amais de fundador, Ares de Parga colaborou nos seus respectivos voceiros *España e Hispania*. Máis tarde, en 1903, naceu a Liga Republicana, na que foi un activo promotor<sup>9</sup> xunto cos xa mencionados Aienza<sup>10</sup> e Malagarriga<sup>11</sup>. A *Liga Republicana Española (LRE)* constituíuse o 7 de maio no Hotel España de Bos Aires<sup>12</sup> nunha reunión encabezada por Miguel Dauñi, deputado nas Cortes Constituíntes durante o Sexenio Democrático. Nunha segunda xuntanza elixiuse o comité central presidido por Calzada, e pouco despois facía a súa aparición pública.

A *LRE* xurdía para congregar arredor do obxectivo rexeneracionista a meirande parte da colonia hispana residente non só na Arxentina, senón no resto de América<sup>13</sup> que, a xuízo de Posada “en sus nueve décimas partes, y aún creo que me quedo corto, son republicanos”<sup>14</sup>. Sumando esforzos, o apoio moral e económico xa mencionado á peninsular *Unión Republicana* habería de levar máis axiña ao cambio desexado. O único obxecto da Liga, tal e como se recoñecía no punto segundo dos seus Estatutos, era o de “coadyuvar a que España sea regida por la forma republicana de gobierno”<sup>15</sup>. Neste sentido, Malagarriga proclamaba en 1904 en *La República Española* que, máis alá de posicionamentos persoais, “primero se es republicano, y luego, cuando se llegue al poder, se será conservador o radical o federal”<sup>16</sup>, tratando de aglutinar a posibilistas e federais, xacobinos e populistas, reformistas e revolucionarios.

Sen extendernos máis que o que require a contextualización deste traballo, cómpre indicar que tamén, do outro lado do Atlántico, os republicanos da Península reaccionaron positivamente ao movemento rexeneracionista que agromaba entre a colectividade emigrada. Entre eles, por exemplo, Salmerón, Lerroux e Vicente Blasco Ibáñez enviaron mensaxes de apoio. Joaquín Costa, satisfeito, escribiu a Calzada por tal “felicísima idea que acelerará aquí el cambio de régimen político”<sup>17</sup>.

JUVENTUD REPUBLICANA ESPAÑOLA, CENTRO REPUBLICANO ESPAÑOL  
E CÍRCULO ESPAÑOL REPUBLICANO

Ademais da súa actividade na *LRE*, Ignacio Ares de Parga foi un dos fundadores da *Juventud Republicana Española*, unha asociación de carácter político que nace o



Ares de Parga ao chegar á casa na que se instalara temporalmente a Escola de Nenas da U. H. A. (Foto: *Vida Gallega*).



Ignacio Ares de Parga no comezo da visita ás Escolas organizada pola Unión Hispano Americana Valle Miñor. (Foto: *Vida Gallega*)

7 de agosto de 1904<sup>18</sup> na rúa Victoria 889, e que posteriormente se acordou denominala *Centro Republicano Español (CRE)*, baixo a presidencia honoraria de Calzada, e real de Malagarriga. O CRE xurdía ante a necesidade de culminar o proceso organizativo da Liga Republicana dando paso á acción política. Nacía integrado nesa organización para difundir unhas determinadas ideas, encamiñado a “despertar a los indiferentes, decidir a los tibios y convencer a los neutros”<sup>19</sup>, pero salvagardando a necesaria autonomía. O asociacionismo de signo político, como indica Duarte, constituía para a cultura republicana o alimento da liberdade e da democracia, o mecanismo que revalorizaba os lazos de solidariedade e de confianza mutua necesarios para aglutinar a comunidade hispana, máis alá do baleiro ideolóxico que presidía as sociedades de socorros mutuos, os círculos recreativos e as festas literarias. Nese sentido, a súa función consistía en ser o punto de encontro dos republicanos como xermolo ideolóxico e vehículo de difusión. Cumpría “propagar la idea, difundirla por todas partes, hacérsela comprender a los que no la entienden, enseñársela a los que no la saben, predicarla desde la prensa, desde la tribuna, de persona a persona, no perdiendo ocasión para hablar de ella y explicarla”<sup>20</sup>.

Con ese cometido, sendo vocal da organización, viaxou Ares de Parga a Madrid ese mesmo ano para participar en diferentes actos, promovendo as actividades e iniciativas dos republicanos en América. Sobre esta viaxe, e relacionado co republicanismo ourensán, desvélanos Duarte a súa faceta de comunicador e ideólogo:

“Un auténtico sacerdote que hacía llegar a los fieles la buena nueva incubada en la madre patria. En esos momentos, el discurso republicano adquiría su plena funcionalidad ideológica, devenía un efectivo sistema de motivación que empujaba a una fracción de la colectividad a sentirse sujeto del presente y del futuro de España.”<sup>21</sup>



O corpo docente da Escola Pro Val Miñor. De esquerda a dereita (sentados): Enrique Sánchez e Eladio Ferreiro (director). De pé: Alfonso Philippot, Cándido del Río e Javier Mendoza. (Foto: Vida Gallega)

Unha cualidade na que insiste o seu amigo Julio Carballo: “Su oratoria fácil y elegante, conmovía y convencía, porque todo era corazón. Escribía con exquisita corrección, poniendo en cada frase todo el ardor de su alma noble, a fin de llegar a lo más íntimo del lector”<sup>22</sup>. Tamén como punto de encontro naceu *La República Española*, o voceiro onde Ares de Parga puido expresar as súas inqedanzas políticas.

O *CRE* acabou por disolverse a causa da crise que sufriu a Liga en 1907. Así e todo, supuxo un reforzo para o propio movemento que se congregou, inmediatamente despois e con meirande estabilidade, no Círculo Español Republicano baixo o lema de “la nueva casa de los republicanos”. Nesta nova etapa, xa con local propio na rúa Rivadavia 1235, intentou reproducir con exactitude as características do primeiro Centro Republicano Español<sup>23</sup>, onde ademais dos seus obxectivos incluía o de velar pola defensa dos intereses dos inmigrantes. Era unha forma de conectar directamente coa colectividade asegurando a súa permanencia a prol da difusión do republicanismo.

No contexto peninsular, Ares de Parga gozou da amizade de Nicolás Salmerón –“que sentía por su correligionario gallego un gran cariño, representando ante éste a sus correligionarios de la Argentina cuando aquel caudillo preparó un movimiento revolucionario que no llegó a estallar”<sup>24</sup>–, de Lerroux –acompañándoo polos círculos bonaerenses en 1908–, de Adolfo Posada –sendo o seu anfitrión en Bos Aires en 1910, aloxándoo na súa casa<sup>25</sup>–, e Basilio Álvarez, ao que nos referiremos máis adiante. Como observa Costa Rico, “con eles, así como con Giner, con Benot, con Pablo Iglesias, con Nackens e con Rafael M<sup>a</sup> de Labra mantivo unha notable correspondencia parcialmente perdida”.

Ignacio Ares de Parga sentiu, en expresión do profesor Costa, “unha constante preocupación polo Iberoamericanismo, como Posada, Labra ou Altamira, quen non por casualidade mantiveron contactos periódicos coas escolas Valle Miñor”<sup>26</sup>. Tamén en América compartiu esa preocupación con algúns dos seus compañeiros no ámbi-

to asociacionista de orixe peninsular, como Carlos Malagarriga, xa mencionado, e Eduardo López Bago, Oliart, Julio Morales Navas, Martín Dedeu, José Parra, Juan Mas i Pi, Francisco Grandmontagne e Justo López Gomara. Con eles emprendeu a fundación do Centro de Estudios Hispano-Americanos. “El Hispanoamericanismo está a la orden del día –decía– y la comunión espiritual de España y su descendencia americana se intensifica aceleradamente en elevado orden de ideas afines y conveniencias recíprocas”<sup>27</sup>. Cumpría ir pechando as feridas e os vellos receos que se remontaban ao período da colonización.

### ASOCIACIONISMO ÉTNICO E REDENCIONISMO POLÍTICO

Como xa se apuntou anteriormente, a presenza en América dunha elite intelectual axudou, en certa medida, a espertar entre a colonia hispana un sentimento político de signo republicano. Parte desa elite tiña procedencia galega, e aproveitou a conxuntura política do republicanismo hispano para plasmar esas mesmas inquedanzas nas reformas sociais que Galicia reclamaba de maneira urxente. Esas ‘forzas vivas’ serán as que naquel momento agromen coma un catalizador do movemento agrarista e antiforal<sup>28</sup>, encargadas tamén de soste o galeguismo nacionalista.

Para esa elite intelectual o problema inaprazable de Galicia residía na solución do seu atraso socioeconómico, resultado dun modelo político completamente superado. Ares de Parga anunciaba en Suevia, voceiro de signo agrarista da Liga de Acción Gallega, que “un noble espíritu de rebeldía comienza a agitar todas las conciencias, ante una voz auspiciosa, llena de simbolismos y realidades, en acción resuelta y patriótica de cruzada redentora”<sup>29</sup>. Pero para que Galicia iniciara ese proceso cara á modernidade, como xa gozaban outras sociedades coma a arxentina, era precisa a organización política e o combate ás seudotiránias representadas polo caciquismo e o clericalismo:

*¡Galicia irredenta...! Montaña irredenta. Chozas irredentas. Campos mezquinamente cultivados, ávidos de fecundantes irrigaciones, irredentos bajo la durísima opresión del foro, del trabuco y del diezmo. Voluntad, fuerza, energía irredentas; plácida santa ignoracia, irredenta...!*<sup>30</sup>

Convén non esquecer que moitas das asociacións galegas de América sintonizaron con estas reivindicacións, amais de amosar unha especial sensibilidade cara á instrución por considerala un instrumento eficaz de loita contra ese lastre que significa, en palabras do propio Ares de Parga, “el feudo caciquil”<sup>31</sup>. Na formación dalgunhas desas entidades, quizais as máis significativas, entrevi activamente o pedagogo. Por exemplo, na Unión Redencionista Gallega, unha agrupación de carácter rexional que tiña entre os seus fins procurar “el engrandecimiento del país gallego y la mayor suma posible de ventajas a los coterráneos”<sup>32</sup> secundando campañas redencionistas, promovendo a creación de novas agrupacións, ou prestando apoio á instrución e inserción laboral dos inmigrantes.

O propio Ares de Parga mantén unha fructífera relación con Basilio Álvarez, a quen define de xeito afectuoso como “altivo continente, *tunamente* terciado el man-



O batallón de alumnos diríxese a celebrar a festa da árbore, acontecemento que presenciaron centos de persoas do Val. No automóbil van as fillas do gondomareño Manuel Losada a quen os rapaces dan a garda de honra. (Foto: Vida Gallega)

teo, gruesa estaca blandida por robusto puño a guisa de campeadora tizona, fuertes pulmones pletóricos de aire vivificante, cerebro ariete y gran corazón de ardiente patriota<sup>33</sup>. Tamén o profesor Costa alude a unha estreita relación epistolar entre o pedagogo e o crego, parcialmente perdida<sup>34</sup>. Ares de Parga aparece como un activo militante do movemento redencionista colaborando en actos públicos, participando a través dos medios de comunicación e prestando o seu apoio persoal á creación das distintas entidades. Por exemplo, a Liga de Acción Gallega, a Asociación Cultural Gallega “A Terra”, a Asociación Regionalista “A Terra” e a primeira Casa de Galicia.

#### LIGA DE ACCIÓN GALLEGA

A *Liga de Acción Gallega*, de carácter antiforal, estaba formada por un grupo de destacados representantes da colectividade<sup>35</sup>, de orientación rexionalista máis ou menos ‘pura’ que se agrupaba en torno ao programa de Basilio Álvarez. Ares de Parga intervéen na primeira reunión celebrada en marzo de 1913 como presidente da comisión provisoria. A partir desa data, e ata a reunión de aprobación de estatutos e formación da primeira xunta directiva<sup>36</sup>, na que mediaron varias semanas, traballa como presidente provisional<sup>37</sup>. Con el estaban José R. Lence, Xaquín Pesqueira, Echegaray e Álvarez Novoa. Axiña puxeron en marcha a revista *Suevia. Revista gallega regionalista*, dirixida por Pesqueira e J. Pena Bustillo na que, segundo Núñez Seixas, sintetizaron nunha soa arela os ideais agraristas e os mellor coñecidos e definidos rexionalistas. A *Liga de Acción Gallega* instaba a todos os directivos das agrupacións galegas en Bos Aires a secundar o movemento, utilizando o seu poder de convocatoria diante da colonia<sup>38</sup>. Nesta liña, o voceiro *Suevia* afirmaba na súa aparición:

*La defensa enérgica, legal y honrada de Galicia. De las libertades regionales que necesita. De las mejores que exige. Y requerir remedios de abandonos. Remedios para las crueldades que un absurdo y corrompido centralismo comete de mancomún con un caciquismo formado por canallas y salteadores de vida y haciendas.*<sup>39</sup>

## ASOCIACIÓN CULTURAL GALLEGA “A TERRA” E ASOCIACIÓN REGIONALISTA “A TERRA”

Recorda Vilanova Rodríguez que tras a fundación das Irmandades da Fala por iniciativa de Antón Vilar Ponte, “un grupo de patriotas gallegos residentes en Buenos Aires se propusieron constituír en esta capital una agrupación de carácter cultural que agrupase a todos los coterráneos, para propagar el conocimiento de Galicia difundíndolo por diversos medios de propaganda”<sup>40</sup>. O 5 de maio de 1917, ese grupo de galegos -ourensáns na súa maioría, liderados por Fuco Lamas Salgado, e entre eles tamén, segundo Núñez Seixas, antigos agraristas como Ignacio Ares de Parga, Julio Carballo Enríquez, etc.-, deixaba constituída a Asociación Cultural Gallega “A Terra”, que tiña como fin “divulgar en América la cultura y el arte de Galicia”<sup>41</sup>. Pese a non ocupar ningún cargo directivo, Ares de Parga colaborou activamente desde o comezo. Por exemplo, nun ciclo de conferencias en setembro dese mesmo ano, xunto con Julio Carballo, Rodríguez de Vicente e López Castiñeiras<sup>42</sup>. Dada a favorable acollida das súas, en febreiro de 1918 constitúese formalmente como Asociación Regionalista “A Terra”.

Os fundadores manifestaban tamén a súa implicación na problemática estrutural de Galicia: “Es necesario que con caldeados acentos de viril rebeldía, inspirados en democráticos ideales, se llame al pueblo a combatir con la consecución de sus legítimas reivindicaciones; que nuestra protesta se haga oír abogando efusivamente por la redención del esclavo del campo, amagado de muerte por las exacciones del fisco y por el censo señorial”<sup>43</sup>. Pero a pesar da reivindicación autonómica e da preocupación antiforal e redencionista, deixaron manifesta a intención de permanecer coma unha entidade independente respecto do movemento galeguista: “seremos, en fin, dos fuerzas que marchen paralelamente hacia el mismo fin sin perjuicio de que ese paralelismo se tuerza, en el caso de considerarlo incompatible con nuestra leal manera de pensar y proceder”<sup>44</sup>. Sobre o uso do idioma galego, puñan de manifesto que este debía estar relacionado coa identidade cultural de Galicia sen outra connotación de tipo político ou identificación ideolóxica. A meirande parte dos compoñentes da Asociación “A Terra” fundaron máis tarde a primeira Casa de Galicia de Bos Aires, “a la vez que pusieron los cimientos del movimiento nacionalista gallego en la Argentina, y que tuvo su inmediata continuación en la revista ‘Terra’”<sup>45</sup>.

## CASA DE GALICIA

En efecto, a partir da Asociación Regionalista “A Terra” e o seu acordo de fusión con outras entidades culturais próximas ao galeguismo, como a Asociación Coral Gallega, a Agrupación Artística Gallega e o Orfeón Gallego Primitivo, xurdiu a Casa de Galicia en 1918<sup>46</sup>, co lema “Acción Social, Cultural, Regionalismo y Recreo”. Foi unha iniciativa do xornalista José Barrio e de Lamas Salgado, que tamén secundaría Ares de Parga. Na Casa de Galicia, xunto coa escola do Val Miñor, foi onde o pedagogo deixou a súa impronta de xeito máis salientable. Gracias aos seus coñecementos pedagóxicos, experiencia docente e tamén aos contactos que lle facilitaba a súa acomodada posición, puxo en marcha un cobizoso plan de estudos a través dunha Comisión de Instrucción. Pero á marxe da actividade pedagóxica, á que

nos referiremos oportunamente, cómpre significar a súa integración na Xunta Directiva como vocal no ano 1920.

Ademais, participou en diversos actos organizados pola entidade. Por exemplo, como membro do xurado dos Xogos Florais durante a celebración da Semana Gallega, entre o 7 e 14 de novembro de 1920<sup>47</sup>, e dictando conferencias en diferentes ocasións<sup>48</sup>. Por outro lado, cómpre citar a súa participación no Comité de Bos Aires, que xunto co de Montevideo, organizaron o Congreso Gallego Americano<sup>49</sup>. Por último, tamén salienta a súa participación no consello de redacción do voceiro *Acción Gallega. Publicación oficial de Casa de Galicia* xunto con Antonio R. Fraga e Juan Mao, ademais de ser un habitual colaborador nas súas páxinas.

### ACTIVIDADE DOCENTE, EDUCACIÓN OBREIRA E ASOCIACIONISMO CORPORATIVO

Sabemos que o labor pedagóxico de Ares de Parga foi intenso, malia non transcender excesivamente nos medios de comunicación da época. Como xa se ten referido anteriormente, trasladouse a Madrid, coa carreira de mestre rematada na Escola Normal de Ourense, para especializarse en matemáticas na Institución Libre de Enseñanza.


#### A ACADEMIA BRITÁNICA

O seu currículo acreditaba unha solvente formación académica, así coma unha rica bagaxe intelectual, polo que non demorou en atopar traballo contratado xunto con outros profesores na Academia Británica. Segundo a descrición de Vilanova, tratábase de “un prestigioso centro de estudos que entonces contaba en Buenos Aires con un alumnado numeroso y selecto, atraído por la excelencia de sus métodos pedagógicos y la capacidad de sus renombrados profesores”<sup>50</sup>. Alí comeza a dar clase de matemáticas.

#### DE MESTRE DE ENSINO PRIMARIO A CATEDRÁTICO DE ENSINO SUPERIOR

Na capital federal revalida oficialmente os seus estudos, o que lle permite máis tarde ingresar no maxisterio oficial dependente do Consello Nacional de Educación arxentino. Alí desempeñou postos de dirección escolar e como aclara Vilanova Rodríguez, “no llegó a alcanzar más elevadas jerarquías por su resistencia a nacionalizarse argentino”<sup>51</sup>. Aínda así, a súa promoción profesional foi notable, ata acadar o rango de Catedrático de Matemáticas superiores. Descoñécese a data na que accede ao sistema público de ensino arxentino, pero pódese calcular o seu ingreso como mestre a comezos da década dos noventa<sup>52</sup>. No ano 1902 xa colaboraba en *El Monitor de la Educación Común*, a revista oficial do Consello Nacional de Educación, onde publica varios traballos<sup>53</sup> que asina como “Preceptor de 6º grado del Consejo Escolar 13º”, un posto ao que se chegaba desde o de mestre nacional logo de varios anos de servizo.





O edificio da Escola de Nenas, coas alumnas, as profesoras e a directora, Julia Solá. (Foto: *Vida Gallega*)

ORIENTACIÓNS PEDAGÓXICAS AO PROXECTO ESCOLAR DA  
UNIÓN HISPANO-AMERICANA PRO VALLE MIÑOR

A súa implicación nos programas formativos relacionados coa emigración esténdese por diversos campos. Por exemplo, como asesor da sociedade Unión Hispano-Americana Pro Valle Miñor. Ares de Parga colaborou estreitamente cos miñoranos desde o inicio da súa intervención pedagóxica. E mantivo esa relación de xeito permanente e fructífero tanto coas delegacións de Bos Aires e Montevideo como co profesorado do colexio en Galicia a través do seu director, o profesor Eladio Ferreiro. Os seus coñecementos e a ampla experiencia docente proxectaban a luz das novas correntes pedagóxicas no camiño que desde A Ramallosa, e máis tarde Nigrán, seguían os profesores contratados polos emigrantes. Ares de Parga contribuíu, como sinala Costa Rico, á preparación dos programas educativos das súas clases. Durante un tempo, entre 1911 e 1915, foi tamén o director do *Boletín* mensual que editaban en Bos Aires desde outubro de 1909.

Na viaxe que realiza a Galicia en 1919 achegouse ao Val Miñor para visitar a “Escuela Argentina”, como ilustra profusamente Jaime Solá na revista *Vida Gallega*<sup>54</sup>. Segundo conta o xornalista e director da mesma, Ares de Parga non coñecía as escolas, e a súa primeira impresión foi de asombro e íntima alegría —“tengo completa seguridade de que el Sr. Ares de Parga, no obstante conocer de antigo el laboreo de la “Unión Hispano-Americana”, no había llegado a imaginarse lo que son las Escuelas Valle Miñor”<sup>55</sup>. Máis tarde, no transcurso da visita, “debió sentir que crecía su emoción al penetrar en el recogimiento de la Biblioteca de la Escuela, poblada ya con miles de volúmenes”<sup>56</sup>. Na reunión celebrada co claustro de profesores recomendou ensinar “antes que ninguna, la Geografía y la Historia de España y de Galicia. El alumno de estas escuelas que tiene que emigrar debe irse con la clara visión de lo que fue y de lo que es su patria, para que jamás llegue a olvidarla”<sup>57</sup>.

## A SOCIEDAD DE EDUCACIÓN INDUSTRIAL E SECCIÓN DE ENSINO PRIMARIO DA CASA DE GALICIA

Outra das súas facetas como pedagogo foi a promoción de campañas alfabetizadoras para adultos e obreiros. Ares de Parga amosou unha fonda preocupación polas condicións dos galegos inmigrantes; polas súas posibilidades de futuro a costa de tanto sufrimento estéril; pola situación estrutural dunha sociedade que expulsaba inxuntamente aos máis indefensos e que el combateu na medida das súas forzas. Por iso presta unha especial atención a aquela masa de compatriotas que

*en porcentaje elevado, llega a tierra argentina sin poseer los más indispensables elementos para luchar con ventaja por la vida en competencia con más preparados elementos de otras procedencias merced a la previsión gubernativa o social de sus respectivos países.<sup>58</sup>*

Coma eles, Ares de Parga chegou procedente da península na etapa da inmigración masiva, e coñecía coma ninguén -quizais pola súa privilexiada posición malia ser inmigrante- as dificultades do trasvase para lograr a inserción sociolaboral no país de destino. Cabe salientar, en primeiro lugar, a fundación en Bos Aires da Escuela Industrial<sup>59</sup> -máis tarde chamaríase Sociedad de Educación Industrial- que emprendeu xunto co doutor Norberto Piñero, ex-ministro de Sáez Peña. A Sociedad de Educación Industrial xurdira arredor de 1915 como un centro oficial de ensinanzas técnicas e profesionais. De carácter gratuito, estaba orientada ao mundo obreiro, en especial inmigrantes necesitados de formación acelerada. Julio Carballo explica en *Suevia* que

*en este templo augusto de la filantropía, de la verdadera caridad, del más desinteresado amor al prójimo teneis todo lo que el más exigente puede pedir; para emanciparse de las trabas que son inherentes a todo oficio servil. Juzgad: hay escuelas profesionales para Aprendices Mecánicos y Electricistas, Nocturna de Dibujo para obreros; de Plástica, de Chauffeurs; de Química Industrial. Está en vías de realización un Museo de arte industrial, cuya importancia no es preciso poner en relieve.<sup>60</sup>*

Ademais deste proxecto oficial, o pedagogo ourensán aproveitou a infraestrutura da Casa de Galicia para establecer alí un plano de ensino destinado aos asociados<sup>61</sup> xa desde a fundación. A súa condición de educador e de convencido rexeneracionista -amais de fundador e membro da Xunta directiva- debeu pesar na orientación da entidade galega, distanciándose dos programas festivos de moitas das sociedades recreativas existentes na colonia para encamiñarse a outros fins máis constructivos. O fomento da educación e da cultura estaba estreitamente ligado ao concepto da rexeneración social, en consonancia coa cultura republicana que querían implantar os seus iniciadores. Ares de Parga encargouse da sección de Instrución Primaria case desde a fundación da entidade.

O primeiro cadro de persoal inaugurouse o 24 de novembro de 1919<sup>62</sup>, organizándose as clases en grupos alternos de 1º e 2º grao, e 3º e 4º grao respectivamente "con una asistencia media de 20 alumnos atendidos por un solo maes-

tro<sup>63</sup>, en horario nocturno. A estas sumaronse, en horario especial, clases de Aritmética Comercial e Contabilidade Práctica, Dactilografía e Idioma Inglés, que debían completarse con coñecementos de debuxo lineal, natural, xeométrico, mecánico, de ornamentación, para que de xeito efectivo poideran ser aplicadas no mundo das artes e da industria, en clara referencia ao destino laboral dos inmigrantes. O programa contemplaba, así mesmo, clases de música e ciclos de conferencias de extensión escolar, a celebrar en sábados alternos “expuestas en forma amena e interesante y con temas de instrucción general”. A capacidade inicial dos locais axiña se viu desbordada pola forte demanda, chegando a rexistrarse unha matrícula de 104 alumnos. Isto obrigou a reformar e ampliar o programa baixo a experta orientación do pedagogo: “es deber nuestro prestarles la necesaria ayuda moral cual la educación y la instrucción lo son en grado sumo y en el más interesante aspecto de los modernos requerimientos sociales”<sup>64</sup>. Á parte dos programas de ensino, a Casa de Galicia tiña unha Oficina de Inmigración y Trabajo, que facilitaba a contratación laboral entre os membros da colectividade. En 1924, xa desaparecido o pedagogo, inauguraba unha Academia de Bellas Artes<sup>65</sup>.

Do seu traballo como docente aparecen numerosas notas de recoñecemento na prensa e en diferentes obras. Por exemplo, Rafael Calzada cita como “maestro de gran valía”<sup>66</sup> xunto con Gil Gelpi, Torres, Corona Martínez, Torrejón, García Velloso, Carvajal, Atienza y Medrano, Hidalgo Martínez, Manzanares, Parra Ciudad Real, tamén profesores españois na Arxentina e membros do Club Español. José Lence alude no *Correo de Galicia* á “honrosa hoja de servicios” que o pedagogo ourensán despregara no maxisterio arxentino.

#### O ASOCIACIONISMO DOCENTE

De igual modo que entre a colonia hispana, tamén entre a comunidade educativa arxentina Ares de Parga deixa a súa impronta como animador e impulsor de diferentes proxectos asociativos. Sobre este aspecto, Vilanova Rodríguez salienta a súa achega como impulsor de dúas organizacións: “El Magisterio. Asociación de protección mutua” en 1896, e “Asociación Pro-Maestros de Escuela”. A elas dedícalle amplas páxinas na súa obra *La Escuela Argentina. Puntos de vista educacionales*.

#### REGIONALISMO E NACIONALISMO. O SEU CONCEPTO DE GALICIA

Ignacio Ares de Parga foi, en palabras de José R. Lence, “un fervido galleguista”<sup>67</sup>, pero resulta difícil separar a súa filiación galega da vinculación republicana, que directamente implicaba o desexo dunha profunda transformación social. Ares de Parga non se identificaba con outra Galicia que non fora dentro dunhas coordenadas de liberdade, democracia plena e modernidade social. Tiña confianza nas condicións dunha terra “en cuyo suelo se ocultan inmensas riquezas inexploradas, de plácido y acariciador ambiente, que habita una raza fuerte y vigorosa (...) fecundamente productora de *eminencias* políticas”. Pero tamén responsabilizaba ao caci-

quismo ou ao clericalismo, como factores conxunturais, de que Galicia seguira pos-trada “orfa de valemto e representación”<sup>68</sup>.

Por tanto, a identificación de Galicia dentro do marco rexionalista implicaba un cambio drástico no modelo de sociedade. Por un lado, democracia; por outro, des-centralización. Democracia entendida como “redención de vida política, de vida eco-nómica, de vida cultural; de traballo remunerador e fecundo...”<sup>69</sup>, erradicación “de la ralea del caciquismo, del tradicional caciquismo, impositivo a base de ignoran-cia campesina, de sordideces, que explota la estrictez de la rutina de un vivir siste-mático, cerrado y que impele a la sumisión, que desalienta las almas...”<sup>70</sup>.

Respecto á descentralización, defendía un modelo semellante ao arxentino. Con-stituído sobre a base da autonomía das provincias, “baixo un réxime que abrangueu tan alta posición, tan próspera riqueza, que lle prometen o máis brillante porvir”<sup>71</sup>. Galicia debía gozar dunha organización similar dentro do Estado español, e res-ponsabiliza ao centralismo castelán, considerándoo a causa do ostracismo galego e orixe do calificativo deprimente que se lle deu aos seus fillos<sup>72</sup>. Cumpría, por tan-to, non confundir España con Castela, “porque, si tiene espíritu, y en algún tiempo de tan admirable fuerza que en España no había otro espíritu que el de Castilla, y más aún que el espíritu de Castilla era el espíritu español”<sup>73</sup>. Pero os tempos muda-ran conforme outro esquema: “no es posible negar que hay otras realidades espiri-tuales, y es necesario hablar de Castilla y Navarra, de Cataluña y Vasconia, de Gali-cia y Portugal”.

Por tanto, España era un Estado composto por un certo número de rexións penin-sulares entre as que se atopaba Galicia, e os galegos podíamos chamarnos españois do mesmo xeito que europeos: por un sentido de pertenza. Para Ares de Parga defi-nirse como “español” era dicir tan pouco como “europeo”. Malia o sentido de per-tenza, entre as diferentes partes do Estado existen tantas diferencias como entre os países europeos. España, por tanto, era unha idea difusa e inconcreta no sentido máis humano do termo, e aínda no suposto de ter un certo denominador común, existían caracteres tan dispares que impedían falar dun nexo homoxéneo. En caso de que algunha desas rexións acadara algún día a independencia, os seus cidadáns xa non serían españois, como xa non o eran os portugueses. Con respecto ao idio-ma galego, Ares de Parga defende a súa presenza na casa e na rúa, nos teatros e nos templos, no libro e na Universidade, e sinala a necesidade de que a Academia Gallega redobrar os seus esforzos neste sentido<sup>74</sup>. Por último, merece ser engadi-da unha anécdota protagonizada por Ares de Parga durante a súa visita á “Escuela Argentina” do Val Miñor relatada por Jaime Solá:

Penetró en el aula el pedagogo y quiso dar una lección a los alumnos; lección de sentimientos y lección de valentía.


— A ver ¿Quién de vosotros es gallego?

Los niños se miraron entre sí pero no quisieron significarse individualmente.

— ¿Es que no hay ningún gallego? El que lo sea que levante la mano.

Unos cuantos brazos se irguieron con timidez.

— ¿Los demás no son gallegos? Sí lo sois. Porque lo sois debéis mostrarlo con orgullo ¡Arriba las manos de los que tienen la honra de ser hijos de Galicia! Y todos a una levantaron los brazos que faltaban.<sup>75</sup>



Varias persoas do Val nunha visita á Escola de Nenos. Entre elas os señores de Carballo, Salgueiro, Villar, de Panteón, Abal, Acuña, Sotelo, Lemos, Pesqueira, Pino Carballo, Costas, Carballo (fillo) Villas, Valverde, Alar, Couto, as señoritas de Carballo e Lemos e a Sra. de Pino. (Foto: *Vida Gallega*)

## O XORNALISMO

Outra das actividades que o polifacético Ignacio Ares de Parga desenvolveu en América -malia non ser abundante tendo en conta un período comprendido entre 1885 e 1922-, ten que ver coa produción escrita. Ao longo deses anos expresa as súas ideas sobre educación, didáctica, política, historia... en diferentes xornais, ademais de publicar en 1912 *La escuela argentina. Puntos de vista educacionales*, a súa única obra editorial. Sábese que colaborou no diario *La Opinión* da prensa arxentina, e aparecen varios traballos na revista *El Monitor de la Educación Común*, publicación oficial do Consello Nacional de Educación arxentino, dirixida algúns anos por Antonio Atienza y Medrano<sup>76</sup>. Pero sobre todo escribe nos xornais e revistas da emigración galega e a peninsular. Con respecto á prensa da emigración peninsular, o profesor Ignacio García cita o como un dos colaboradores da revista *España*, portavoz da Asociación Patriótica Española, -máis tarde aparece coa cabeceira *Hispania*- xunto a Miguel Cané, Miguel de Unamuno, Ramiro de Maeztu, o pedagogo arxentino Joaquín V. González, Francisco Giner de los Ríos, Rafael Altamira y Alfredo Calderón<sup>77</sup>. Tamén escribiu varios traballos no *Diario Español*, dos cales dous son recollidos no *Boletín* da Unión Hispano Americana Pro Valle Miñor<sup>78</sup>.

En relación coa prensa galega da emigración, publicou unha serie de artigos de temática educativa no mencionado *Boletín* entre 1911 e 1915<sup>79</sup>, coincidindo coa súa etapa como Director do mesmo, e que merecen unha análise máis pormenorizada nun futuro traballo. Tamén aparece no número nº 472 de 2 de outubro de 1915 do semanario *Nova Galicia* o artigo titulado "Cuestiones galaico-educacionais", no que responde a preguntas de tipo didáctico, formuladas por Xaquín Pesqueira, vinculado á Sociedade El Despertar del Tea, sobre a conveniencia dos premios e castigos como estímulo á aprendizaxe dos alumnos nas escolas que os emigrantes do Condado e Paradanta sostiñan na súa área de influencia. En *Suevia*,

*Revista gallega regionalista*, que dirixen o mencionado Pesqueira e J. Pena Bustillo, recompilamos outros tres traballos<sup>80</sup>. Así mesmo, publicou tamén tres artigos en *Acción Gallega, revista oficial de Casa de Galicia*<sup>81</sup>, que dirixía Antonio R. Fraga, sobre a temática galeguista.

No semanario *Correo de Galicia*, que funda e dirixe José R. Lence, recóllese un artigo no número especial do 25 de xullo de 1922, “Los festivales de la Raza”, onde evoca as súas impresións sobre unha visita a Compostela efectuada nunha das viaxes a Galicia. Aparece tamén un artigo, pouco antes do seu pasamento, publicado no número 41 de 7 de outubro de 1922 en *Galicia Ilustrada*, da Habana, titulado “Los indios”, que recolle unha louvanza da valentía dos que deixan a terra para prosperar nunha patria allea. De igual modo, tense noticias das súas colaboracións na revista *La Iberia*, dirixida por Julio de la Cuesta en 1910. Colabora no nº 24 co artigo “Precursores”, xunto con Justo López de Gomara, Rafael Calzada, Carlos Malagarriga, Martín Dedeu, Luis Otero Pimentel<sup>82</sup>; no número especial en 1911, co traballo “La Cooperación popular”<sup>83</sup>. Por último, consta a súa colaboración no xornal agrarista *La Zarpa*<sup>84</sup>.

Ignacio Ares de Parga falece en Bos Aires o 22 de decembro de 1922. A descrición física, segundo o retrato que esbozou o seu amigo Jaime Solá, responde á dun home “alto, enjuto, cincuentón, de afilado bigote, de rostro noble, de firme expresión, de traza elegante, de correctos modales, de atractiva presenza”<sup>85</sup>. Sen esquecer o que tamén apunta o seu amigo José R. Lence, para quen foi un intelectual de extraordinaria valía, “sumamente conocido entre la colectividad española y en especial la gallega, y gozaba de prestigio y general simpatía entre sus compatriotas”<sup>86</sup>.

Logo da súa morte, os integrantes da Unión Hispano-Americana Valle Miñor ofrecéronlle unha afectuosa homenaxe no número 159 do seu *Boletín*, do que entresacamos uns parágrafos que expresan algunhas outras cualidades:

*Siempre estuvo listo cuando se le precisó; no le seducían los grandes títulos –tal era su modestia– sino que pretendía los puestos de trabajo, para desde ellos irradiar las bondades de su espíritu y la robustez de su cerebro.*

*Consejero cariñoso, hombre llano y apacible, no tenía más que una visión: el cumplimiento de su deber.*

*Fue amigo leal, sin dobleces. Hidalgo en su aspecto y en sus sentimientos, supo conquistarse el cariño y el respeto de los que le conocimos.*<sup>87</sup>

Tamén o semanario *Correo de Galicia* dedicou a Ares de Parga senllos artigos nos números 872 e 873, de 24 e 31 de decembro de 1922 respectivamente, dos que tomamos as seguintes liñas:

*En esta casa causó dolorosa impresión la noticia de su muerte. Aquí le contábamos como amigo leal y fervoroso; admirábamos su valer intelectual, inspirábanos gran respeto por sus años, su honradez y claridad de juicio, y en más de una ocasión nuestras columnas se honraron con sus valiosas colaboraciones en las que siempre se advertía el hombre de vasta cultura y de férvido galleguismo.*<sup>88</sup>

Ignacio Ares de Parga foi un extraordinario elemento dentro da colonia emigrante. No eido educativo deixou unha significativa impronta. Ben como redactor de innovadores proxectos formativos para inmigrantes, ben como asesor dos colexios que estes construíron en Galicia. Pero sempre coa mirada posta nos máis desfavorecidos. A súa traxectoria profesional, á que dedicou arredor de tres décadas, mereceu o recoñecemento dos que o trataron, tanto nas esferas oficiais do ensino público como entre as colectividades galega e hispana.

Como animador de experiencias asociativas despregou unha interesante actividade política, ligada ao compromiso republicano e rexeneracionista desde un plano moderado, pero realista e constante. Ben no ámbito da comunidade hispana, participando na fundación da Asociación Patriótica, A Liga Republicana, a Juventud Republicana, o Centro Republicano Español ou o Círculo Español Republicano, como no contorno da sociedade galega ligado ao redencionismo, cooperando á formación da Liga de Acción Gallega, a Asociación Cultural Gallega “A Terra”, a Asociación Regionalista “A Terra” ou a primeira Casa de Galicia, amosando unha gran preocupación pola súa terra e polos que como el se viron obrigados a deixala. Pola súa parte, tamén foi nomeado vocal da Comisión Directiva da sociedade Unión Hispano-Americana Valle Miñor en agosto de 1915, sendo Presidente J. González Paglieri. Ao mesmo tempo, participou coa súa voz en diferentes actos públicos promovidos por ditas entidades e expresou as súas ideas a través de diversos xornais e revistas.

Como intelectual compartiu, xunto con outras voces do seu tempo, a preocupación pola fraternidade entre os pobos, en especial os que formaban a gran comunidade hispanoamericana, superando rivalidades políticas e receos belicistas. Con ese obxecto, entre outros, liderou a fundación do Centro de Estudios Hispano-Americanos en 1912. Un intenso camiño, que percorreu sen protagonismos, de xeito discreto e consecuente, e no que puido cultivar a amizade de figuras como Giner, o seu mestre; de Nicolás Salmerón, Pablo Iglesias, Lerroux, Adolfo Posada, Rafael M<sup>a</sup> de Labra, Basilio Álvarez e tantos outros que coma el amosaron o compromiso cunha sociedade real, mais tamén a esperanza posible para chegar, mediante a súa transformación positiva, á sociedade ideal.

## NOTAS

- 1 COSTA RICO, A.: “Ignacio Ares de Parga e ‘As Escolas dos Americanos’ en Galicia”. *Pontevedra. Revista de estudos provinciais* nº 14, 2000. p. 146.
- 2 *Ibid.*, p. 147.
- 3 GARCÍA, I.: “El Institucionismo en los krausistas argentinos”. En BIAGINI, H. (Comp.): *Arturo Ardao y Arturo Andrés Roig. Filósofos de la autenticidad*. Jornada en homenaje a Arturo Andrés Roig y Arturo Ardao. Bos Aires. El Corredor de la Ideas. Edición dixital de José Luis Gómez-Martínez. 2001. s.p.
- 4 DUARTE, A.: *La república del emigrante. La cultura política de los españoles en Argentina (1875-1910)*. Lleida. Editorial Milenio. 1998. p. 215.
- 5 VILANOVA RODRÍGUEZ, A.: *Op. Cit.*, p. 1145.
- 6 DUARTE, A.: *Op. Cit.*, p. 15.
- 7 *Ibidem*.
- 8 Esta entidade fundouse o 26 de xaneiro de 1896 baixo a iniciativa de corenta socios do Orfeón Español. Segundo os seus Estatutos, a APE nacía para “responder al llamamien-

to de la patria siempre que necesite del concurso, bien personal, bien intelectual ó pecuniario de sus hijos. Salir a la defensa del buen nombre y del honor de España, cuando fuere necesario. Fomentar el espíritu de confraternidad entre españoles y americanos, repatriar a los españoles que sean acreedores a este beneficio y justifiquen su pobreza y socorrer a los españoles necesitados". (Ver "La Patriótica Española a los españoles de la Argentina". *Hispania. Revista de la Asociación Patriótica Española*, nº 264, 16/10/11, p. 882). Baixo o lema "Todo por la Patria y para la Patria" iniciou as súas actividades abrindo unha subscripción para "aumentar nuestra escuadra regalando a España un buque de guerra" ante os conflitos independentistas do 98. (Ver CALZADA, R.: *Cincuenta años de América. Notas autobiográficas. Vol. II. Obras Completas*. Tomo V. Bos Aires. Librería y Casa editora de Jesús Menéndez, 1927, p. 26.) Nunha carta enviada a Gumersindo Busto, datada en xuño de 1926, especificaba un dobre obxectivo: "primero la ayuda al emigrante en trance de fracasar, guiándole, tratando de procurarle ocupación, apartándole del umbral de la miseria, que suele ser no pocas veces el camino del delito, de la vagancia y del vicio; en segundo lugar, la protección al definitivamente fracasado haciéndole retornar al suelo nativo" (Ver: ASOCIACIÓN PATRIÓTICA ESPAÑOLA. Nota sen paxinar, xuño de 1926).

- 9 NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *Op. Cit.*, 1998, p. 156.
- 10 Na Península foi discípulo de Sanz del Río, e comezou a súa carreira como xornalista en *El Pueblo* en 1871 defendendo a política de Nicolás Salmerón. Foi un dos fundadores da ILE, chegando a dirixir o seu *Boletín*; candidato por Almería ás eleccións de 1886 e un dos asinantes da moción que na asemblea de Madrid de 25 de xaneiro de 1887 consumou a ruptura da precaria unión que por aqueles anos mantiveron Salmerón e Ruiz Zorrilla. Actuou de secretario do Partido Republicano Centralista de Salmerón e dirixiu o xornal *La Justicia*: Ver GARCÍA, I.: *Art. Cit.*, p. 255.
- 11 Seguindo de novo a Ignacio GARCÍA, Carlos Malagarriga tiña desenvolvido unha intensa actividade en *El Día* en 1880 e *El Progreso*, que dirixía en 1884. Fundou *El Pueblo* en 1887, que refundiu máis tarde en *El País*, no que tamén participaron Alejandro Lerroux e Ricardo Fuente. A súa defensa do zorrillismo tíñalle costado antes de emigrar sete procesos e tres meses de cárcere.
- 12 GARCÍA, I.: *Art. Cit.*, p. 257.
- 13 O comité central da Liga instaba tamén aos correligionarios do resto de repúblicas americanas a constituír unha Federación Republicana.
- 14 DUARTE, A.: *Op. Cit.*, p. 105.
- 15 *El Correo Español*, 16/8/1903, pp. 4-5. Tomado de DUARTE, A.: *Op. Cit.*, p. 125.
- 16 GARCÍA, I.: *Art. Cit.*, p. 257
- 17 GARCÍA, I.: *Art. Cit.*, p. 253
- 18 CALZADA, R.: *Cincuenta años de América. Notas autobiográficas. Vol. II. Obras Completas*. Tomo V. Buenos Aires. Librería y Casa editora de Jesús Menéndez, 1927, pp. 404-405.
- 19 GARCÍA, I.: *Art. Cit.*, p. 272.
- 20 ÍDEM, p. 268.
- 21 DUARTE, A.: *Op. Cit.*, p. 126.
- 22 VILANOVA RODRÍGUEZ, A.: *Op. Cit.*, p. 1145.
- 23 DUARTE, A.: *Op. Cit.*, p. 101.
- 24 VILANOVA RODRÍGUEZ, A.: *Op. Cit.*, p. 1145.
- 25 Íbidem.
- 26 ÍDEM: *Art. Cit.*, p. 152.
- 27 ARES DE PARGA, I.: "Centro de Estudios Hispano-Americanos". *Boletín* ° 28, xaneiro de 1912, p. 6
- 28 Ademais do pedagogo ourensán estaba Julio Carballo, antigo director do xornal *La Republicana*. Ver, NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *O galeguismo en América, 1879-1936*. Sada - A Coruña, Edicións do Castro, 1992, p. 95.
- 29 ARES DE PARGA, I.: "Por la cultura gallega. Las conferencias del Centro Gallego. El Padre Feijóo, por Ares de Parga". *Suevia*, nº 8, 16/6/1913, p. 7.
- 30 ARES DE PARGA, I.: "Acción gallega". *Suevia*, nº 3, 29/3/1913, p. 2.
- 31 Íbidem, p. 2. Ver tamén NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *Op. Cit.*, 1992, p. 95.
- 32 VILANOVA RODRÍGUEZ, A.: *Op. Cit.*, pp. 1038-1039.
- 33 ARES DE PARGA, I.: "Acción gallega". *Suevia*, nº 3, 29/3/1913, p. 2.
- 34 COSTA RICO, A.: *Op. Cit.*, p. 201.



- 35 Gumersindo Busto faciao en representación do Centro Gallego; Manuel Lemos pola Unión Hispano-Americana Pro Valle Miñor, Avelino Veloso polo Orfeón Gallego, Antonio Freán pola Sociedade Pro Escuelas en Bandeira, etc.
- 36 Mediante unha xuntanza celebrada no salón do Centro Almaceneros. Ares de Parga, segundo a nota que acompaña a noticia, “con la elocuencia y el amor a Galicia que le caracterizan, pronunció un bello discurso exponiendo el objeto de la asamblea e incitando a todos los gallegos a colaborar con esa obra de regeneración emprendida por Basilio Álvarez y López Aydillo, enlazados a la brillante figura de la política regional señor Portela Valladares”, ver: “Galicia en Buenos Aires”. *Nova Galicia*, 6/8/1913.
- 37 No mes de marzo de 1913 celebrouse outra xuntanza nos locais do Centro Galego, presidida por Ares de Parga, “para dar creación a la Liga de Acción Gallega en Buenos Aires. Para formar la comisión se nombró secretario al distinguido periodista don Luis Sánchez, representante de la Liga en Buenos Aires y alma de ese movimiento, vocales a los directores de los periódicos regionales y para formar la comisión consultiva a todos los presidentes de las sociedades gallegas de esta capital. Por unanimidad se votó para presidente al señor Ares de Parga, y en vista de sus reiteradas negativas, se acordó que los señores don Gumersindo Busto, don Ricardo Conde Salgado, Dr. J. Vázquez Romaguera, Dr. Avelino Barrio, don Manuel Figueras y don Celso Martínez Teijeiro votando entre sí, elijan presidente”. Ver “Liga Acción Gallega. Reunión en el Centro Gallego”. *Suevia*, nº 5, 26/4/1913, pp. 9-10.
- 38 NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *Op. Cit.* 1992, p. 97.
- 39 “Al nacer”. *Suevia. Revista Gallega Regionalista*, nº 1, 1/1/1913.
- 40 VILANOVA RODRÍGUEZ, A.: *Op. Cit.*, p. 1048.
- 41 ASOCIACIÓN CULTURAL GALLEGA A TERRA. Circular, maio de 1917, s.p
- 41 VILANOVA RODRÍGUEZ, A.: *Op. Cit.*, p. 1.050.
- 42 *Íbid.*, p. 1051.
- 43 *Íbidem.*
- 44 *Íbid.*, p. 1052.
- 45 NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *Op. Cit.* 1998, p. 77. Ver, tamén, NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *Op. Cit.* 1992, pp. 122-123
- 46 *Acción Gallega*, nº 4, 30/9/20, p. 9.
- 47 Outros conferenciantes foron: Joaquín Pesqueira (Curros Enríquez), Rodolfo Prada (Lamas Carvajal), J. Rico de Santiago (Eduardo Pondal), P. Antonio Ojea (Pascual Veiga), Rodríguez de Vicente (Linares Rivas), Manuel A. Bares (Pardo Bazán), Joaquín Pesqueira (Valle Inclán), Eduardo Blanco Amor (Ramón Cabanillas) e José R. Lence (Francisco Anón). *Acción Gallega*, nº 6-7, 31/12/20, p. 50
- 48 *Acción Gallega*, nº 1, 24/6/20, p. 14.
- 49 VILANOVA RODRÍGUEZ, A.: *Op. Cit.*, p. 1144.
- 50 *Íbidem.*
- 51 Lence alude, no momento da súa morte, a “tres décadas de servicio” referíndose á súa carreira docente na Arxentina. Ver “Ignacio Ares de Parga. Su fallecimiento”. *Correo de Galicia*, nº 872, 24/12/1922, p. 2.
- 52 “La regla del diamante. (Programa de 6º grado)” e “La regla del diamante. Programa de 6º Grado”, en *El Monitor de la Educación Común*, nº 353, pp. 911-913, e nº 356, pp. 710-712 de xullo e outubro de 1902 respectivamente
- 53 “El profesor Ares de Parga visita las Escuelas de la ‘Unión Hispano-Americana Valle Miñor’”. *Viga Gallega*, nº 174, 30/6/1921, s.p.
- 54 SOLÁ, J.: “Una excursión al Valle Miñor. En las Escuelas de la Unión Hispano-Americana”. *Vida Gallega*, nº 174, 30/6/21, s.p.
- 55 *Íbidem.*
- 56 *Íbidem.*
- 57 ARES DE PARGA, I.: “Acción gallega”. *Suevia*, nº 3, 29/3/1913, p. 2.
- 58 NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *Op. Cit.*, 1998, p. 156.
- 59 CARBALLO ENRÍQUEZ, J.: “De Cultura y Bienestar. Un saludable consejo que los obreros gallegos debieran aprovechar”. *Suevia* (B.As.), nº 4, 19/2/16, p. X.
- 60 COSTA RICO, A.: *Art. Cit.*, p. 147.
- 61 “Sección Instrucción Primaria”. *Acción Gallega. Publicación Oficial de Casa de Galicia*, nº 6-7, 31/12/20, p. 47.
- 62 “Las Escuelas de Casa de Galicia. Proyecto del Señor Ares de Parga”. *Acción Gallega. Publicación Oficial de Casa de Galicia*, nº 3, 1/9/20, p. 19.
- 63 *Acción Gallega*, nº 50, novembro de 1924.

- 64 Íbidem.
- 65 CALZADA, R.: *Reseña Histórica del Club Español*. 1852-1912. B. Aires. Talleres Helio-gráficos de Ricardo Fadaelli. 1913. s.p.
- 66 "Ignacio Ares de Parga. Su fallecimiento". *Correo de Galicia*. nº 872. 24/12/1922. p. 2.
- 67 ARES DE PARGA. I.: "Acción Gallega". *Suevia* (Bos Aires). nº 3. 29/03/13. p. 2.
- 68 Íbidem.
- 69 Íbidem.
- 70 "Os nosos hirmaus n-as Amérecas". *O Tío Marcos d'a Portela*, nº 42. 7/12/18. p. 3.
- 71 Íbidem.
- 72 "Comentarios a unos comentarios. En memoria de Ignacio Ares de Parga". *Correo de Galicia*. 31/12/1922.
- 73 "Os nosos hirmaus n-as Amérecas". *O Tío Marcos d'a Portela*. nº 42. 7/12/18. p. 3.
- 74 SOLÁ, J.: "Una excursión al Valle Miñor. En las Escuelas de la Unión Hispano Americana". *Vida Gallega*. nº 174. 30/6/21. s.p.
- 75 "La regla del diamante. (programa de 6º grado)" (nº 353. 31/7/1902. pp. 710-712) e "La regla del diamante. Programa de 6º grado" (nº 356. 30/10/1902. pp. 911-913).
- 76 GARCÍA, I.: *Op. Cit.*, p. 268.
- 77 "¿Cómo se obró el milagro?" (nº 26. 1/11/1911. pp. 4-5.) e "Difusión de cultura. La cooperación popular" (nº 33. 1/6/1912.).
- 78 Ademais dos anteriores. "Afirmando propósitos. Ecos de un Congreso pedagógico" (nº 28. 1/1/1912. p.2.). "La función social de la escuela" (nº 30. 1/3/1912. p. 4.). "Protección a la niñez" (nº 31. 1/4/1912. pp. 4-6.). "Cultura pública. La cooperación popular". (nº 36. 1/9/1912. p. 6). "Hacia la escuela neutra" (nº 39. 1/12/1912.). "La escuela neutra" (nº 42. 1/3/1913.). "La crónica escolar" (nº 46. 1/7/1913. p. 2.). "Un verano en Galicia" (nº 46. 1/7/1913. p. 11). "Inversión del laicismo" (nº 47. 1/8/1913. p. 5.). "La escuela argentina" (nº 49. 1/10/1913. pp. 2-3.). "Cooperación educacional. Disciplina escolar" (nº 53. 1/2/1914.). "Informe a la C.D. Análisis de la nota del Sr. W. Requ" (nº 54. 1/3/1914. pp. 7-8). "Pro educación. La cooperación popular" (nº 58. 1/7/1914 p. 2.). "Paradoxal. La fiesta del árbol" (nº 61. 1/10/1914. p. 4). "Enseñanza industrial" (nº 62. 1/11/1914. pp. 7-8). "Institución Libre de Enseñanza" (nº 66. 1/3/1915. pp. 2-3). "Cuestiones galaico-institucionales" (nº 74. 1/11/1915. pp. 4-5). "Congreso del niño" (nº 83. 1/8/1915. p. 2-3).
- 79 "Arqueología gallega: en donde con justicia se encomia la labor de los fundadores del Museo Arqueológico de Orense" (nº 2. 15/1/1916. p. II.). que trata sobre o labor desenvolvido pola Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense: "Divagaciones: glosa de la hermosa conferencia que con ese lema pronunció en La Coruña el ilustre poeta Rey Soto" (nº 3. 5/2/1916. p. XIV) e "El padre Feijóo" (nº 8. 14/6/1913. pp. 7-9). que recolle un fragmento dunha conferencia pronunciada por el mesmo no Centro Galego por aquelas datas.
- 80 "Acción Gallega" (nº 2. 29/3/1920. p. 2). "Apuntes de psicología gallega" (nº 4. 31/7/20. pp. 10-11) e "Gallaecia" (nº 6-7. 31/12/1920).
- 81 "La Iberia". *Boletín da UH-APVM*. nº 13. outubro de 1909. p. 14.
- 82 "La Iberia". *Boletín da UH-APVM*. nº 26. novembro de 1911. p. 6.
- 83 Trátase dun artigo asinado en Bos Aires en novembro de 1921: "Desde Buenos Aires. Carta abierta". que aparece na edición do 5 de xaneiro de 1922. p. 1. Ver NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *O galeguismo en América. 1879-1936*. Sada - A Coruña. Ediciós do Castro. 1992. p. 104.
- 84 SOLÁ, J.: "Una excursión al Valle Miñor. En las Escuelas de la Unión Hispano-Americana". *Vida Gallega*. nº 174. 30/6/21. s.p.
- 85 "Ignacio Ares de Parga. Su fallecimiento". *Correo de Galicia*. 24 de decembro de 1922. p. 2.
- 86 UNIÓN HISPANO-AMERICANA PRO VALLE MIÑOR: "Don Ignacio Ares de Parga. Falleció en esta capital el 22 de diciembre". *Boletín de la Unión Hispano-Americana pro Valle Miñor*. nº 159. decembro de 1922. p. 1.
- 87 "Ignacio Ares de Parga. Su fallecimiento". *Correo de Galicia*. 24 de decembro de 1922. p. 2. Chama a atención. sen embargo. que no momento inmediato á súa morte, a revista *Acción Gallega*, na que colaborou e participou como membro do seu consello redactor, non lle dedicase unha soa liña.